



## BASES DO XLIV PREMIO DE POESÍA DO CERTAME LITERARIO DO CONCELLO DE VILALBA 2018

O Concello de Vilalba, co afán de estimular a creación poética convoca o XLIV Premio de Poesía do Concello de Vilalba, enmarcado no Certame Literario anual.

### **PRIMEIRA.**

Modalidade: Poesía.

Este concurso consta dun único premio indivisible.

Premio: **7000 euros**, flor natural e diploma.

As obrigacións fiscais que se deriven do premio serán responsabilidade única do autor ou autora

### **SEGUNDA.**

Poderán concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

### **TERCEIRA.**

Os poemas serán orixinais e inéditos, escritos en galego, non premiados noutros concursos en datas anteriores ao fallo do xurado. O incumprimento dalgunha destas condicións na obra premiada significaría a anulación da adxudicación, procedendo o xurado a formular de novo a proposta de adxudicación ou declarando deserto o premio.

### **CUARTA.**

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO CELEBRADA O 7 DE MAIO DE 2018  
Fdo. La Secretaria Ana M.<sup>a</sup> Rubiera Álvarez

O tema do traballo será libre e a súa extensión mínima será de 500 versos.

## **QUINTA.**

As obras enviaranse por quintuplicado, á seguinte dirección sen sinatura e con un lema:

CONCELLO DE VILALBA

Certame Literario

Praza da Constitución núm. 1

27800 Vilalba - Lugo

En sobre aparte e pechado, figurará o lema que distinga o traballo, e no seu interior irá o nome e apelidos do autor/a, enderezo, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é inédita, xunto cunha pequena biografía do autor/a. Abriranse soamente o sobre do traballo premiado.

En caso de que as obras se envíen por vía electrónica farase mediante a dirección [www.vilalba.org/certameliterario](http://www.vilalba.org/certameliterario), na que se indicará o lema que distinga o traballo e se achegará o arquivo en formato PDF, co contido da obra.

As persoas que opten por esta vía deben enviar por correo ordinario e en sobre pechado, o nome e apelidos do autor/a, enderezo, teléfono, poboación de residencia, e declaración formal de que a obra se axusta ás normas contidas nas bases da convocatoria.

No sobre deben indicar:

CONCELLO DE VILALBA

Certame Literario (indicar o lema que distingue o seu traballo)

Praza da Constitución núm. 1

27800 Vilalba – Lugo

**Non deben poñer datos do remitente**, senón os traballos serán nulos.

É de destacar que, soamente se abrirá o sobre do traballo premiado.

**BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO CELEBRADA O 7 DE MAIO DE 2018**  
Fdo. La Secretaria Ana M.ª Rubiera Álvarez

## **SEXTA.**

Todos os traballos que concorran ao Premio de Poesía do Certame Literario dirixiranse ao Concello de Vilalba, Praza da Constitución núm.1, 27800 Vilalba (Lugo), facendo constar no exterior do sobre **“Para o Certame Literario”**.

O prazo de admisión dos traballos remata o día 13/07/2018. Considerándose incluídas neste prazo as obras que, enviadas por correo, ostenten o selo de orixe con esta ou unha data anterior, e no caso das enviadas por vía electrónica, as recibidas antes das 14h do 13/07/2018.

## **SEPTIMA.**

O ditame do xurado darase a coñecer o día 21/08/2017, a través dos distintos medios de comunicación. A persoa premiada deberá asistir persoalmente, ou mediante representante caso de resultarlle imposible, a entrega do premio que efectuarase nun magno acto que terá lugar en Vilalba o día 30 de agosto, coincidindo co comezo das festas de San Ramón e Santa María 2018.

O xurado reunirse o luns 20/08/2018, estará composto por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario. A súa composición será dada a coñecer xunto coa emisión do resultado.

No caso de que as obras presentadas non acadasen o nivel esixible a xuízo do xurado para a obtención do premio ou non tivesen a categoría suficiente, poderá declararse deserto.

## **OITAVA**

**1\_** O concello que publicará a obra premiada reservase os seus dereitos de edición e entregara a persoa gañadora 15 exemplares da obra premiada.

**2\_** O Concello de Vilalba reservase en exclusiva, o dereito de edición da obra premiada, sen pago adicional algún o da propia cuantía do premio, constituíndo

**BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO CELEBRADA O 7 DE MAIO DE 2018**  
Fdo. La Secretaria Ana M.<sup>a</sup> Rubiera Álvarez

este a única e total remuneración, considerándose e convindo o seu autor/a a tal efectos que:

a) Cede por tempo indefinido, sen límite territorial e para calquera dos posibles sistemas de comercialización, modalidades e soportes de edición, os dereitos de reprodución, distribución e venda da obra premiada.

Esta cesión será en exclusiva para o Concello de Vilalba.

b) O Concello de Vilalba queda facultado para a realización, por si mesmo ou mediante convenio co servizo editorial público ou privado, de cantas edicións considere oportunas, e co número de exemplares que decida libremente.

c) O Concello de Vilalba queda facultado para a tradución da obra premiada a outros idiomas, cos mesmos dereitos de explotación e uso que na lingua orixinal, sempre contando co visto e prace do autor da obra.

#### **NOVENA.**

As obras non premiadas serán destruídas xunto coas súas plicas, non admitíndose peticións de devolución.

#### **DÉCIMA.**

O fallo do xurado é inapelable, os concursantes aceptan integramente estas bases así como cantas decisións adopte o Concello de Vilalba para que estas poidan ser interpretadas e aplicadas.

Vilalba, 7 de maio de 2018.